XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa do Candil 19. Vimianzo 15129. A Coruña
Telf – Fax 981 716 059
Correo electrónico: ceip.sanvicenzo@edu.xunta.es

C.E.I.P.PLURILINGÜE "SAN VICENZO"

CIRCULAR INFORMATIVA Nº2 SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Estimados/as pais/nais de alumnos/as deste centro:

A resolución de 19 de setembro de 2.022, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación (D.O.G.30/09/22) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios. Para a súa información notifícolle, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as

1.- CONSELLO ESCOLAR

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición é a seguinte:

- Director/a do centro
- Secretario/a (con voz pero sen voto)
- 5 Profesores/as elixidos/as polo claustro
- 1 Profesora responsable da Biblioteca Escolar
- 5 Pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA máis representativa)
- 1 Representante do Concello
- 1 Representante da administración e servizos

Os membros do Consello escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso compre facer unha renovación e de acordo coa lexislación vixente, no sector pais/nais de alumnos/as, corresponde renovar dous dos seus membros. Os criterios serán:

1º- Os que cumpren o período establecido de 4 anos

2º- A voluntariedade

3º- Membros que lles queden menos tempo de pertencer á Comunidade

2.- XUNTA ELECTORAL

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha XUNTA ELECTORAL formada por:

- Director do centro
- 1 Profesor/a (elixido en sorteo público)
- 1 Pai/nai de alumno/a (elixido en sorteo público)
- 1 membro da administración e servizos (elixido en sorteo público)

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

a) Electores

Son o pai e a nai ou os titores legais **(poden votar os dous)** dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no **taboleiro** da entrada do colexio **(convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcrición),** se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro póñao en coñecemento antes do día 14 de novembro para que o secretario proceda a súa rectificación, e proceda a dar conta á Xunta electoral para súa aprobación.

b) Elixibles

Tódolos electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitar na conserxería do colexio o impreso oficial aprobado pola Xunta Electoral

O prazo de presentación de candidaturas será do **04 ao 11 de Novembro** (ámbolos dous inclusive) e debe entregar Vde. a súa solicitude na secretaría do centro, en horario de 9:30 a 14:00 horas.

c) Elección

A votación para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase entre os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral o vindeiro día **28 de novembro** no colexio diante dunha mesa electoral constituída por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa do Candil 19. Vimianzo 15129. A Coruña
Telf – Fax 981 716 059
Correo electrónico: ceip.sanvicenzo@edu.xunta.es

C.E.I.P.PLURILINGÜE "SAN VICENZO"

- O director do centro, que será o seu presidente
- Catro pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o día 14 de novembro ás 16:00 horas na biblioteca do colexio).

A Xunta Electoral acordou que o horario de votación do día 28 de novembro fose de 10:00 h. a 11:00 h. e de 16:00 h a 17:00 h.. Ao remate farase o escrutinio público dos resultados.

O voto será directo, segredo e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo .

d) Supervisores

Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio, ben propostos/as pola ANPA do centro, ben avalados/as pola sinatura de **dez** pais/nais.

A aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación. (A lo menos 4 días antes das eleccións)

Ós membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente

Para máis información sobre o proceso consultar la lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia sección Consello Escolar de Galicia

Tamén pode Vde. pasar polo colexio onde lle facilitaremos a información que precise.

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa e recordamos que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais de alumnos se presenten o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

E co noso ánimo a que participen tanto como candidatos/as como electores/as neste proceso,

Reciban un cordial saúdo:

Vimianzo, 25 de outubro de 2022

A DIRECTORA (PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL)

Asdo.: Ana Cristina García Torralba